

Quen está detrás da privatización do hospital vigués?

Escrito por Galicia Confidencial
Xoves, 01 Maio 2014 12:22



Un entramado de empresas, de coñecidos empresarios vinculados ao PP e de multinacionais está detrás da privatización dos principais servizos do futuro novo Hospital de Vigo (NHV). Así o cre a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública. E é que o goberno popular tería decidido construír este centro hospitalario con financiamento privado (PFI) a cambio de ceder a xestión de todos os servizos non sanitarios e espazos non asistenciais a unha UTE liderada por Acciona e Bankia.

A Xunta adxudicou o pasado 12 de marzo o Laboratorio Central de Galicia, que realizará as determinacións analíticas máis avanzadas e as probas de xenética e bioloxía molecular de todo o SERGAS, a unha UTE formada por dúas empresas privadas, un pequeno laboratorio de Vigo, “Lema y Bandín” e os laboratorios Cerba Internacional, con sé en Barcelona. O custo da adxudicación, 38% inferior á media das outras 4 empresas concursantes, considerouse inicialmente temerario, pero a UTE foi posteriormente readmitida e seleccionada. Na data da adxudicación do laboratorio central de Galicia, Unilabs estaba asociado a Bankia. O consello de administración de Bankia imputado pola xustiza está moi vinculado ao PP. De feito, este mesmo martes,

[Feijóo](#)

coincidiu nunha xornada que organizou La Voz de Galicia cun dos seus principais dirixentes.

As relacións das empresas privadas do Hospital de Vigo

O presidente e máximo propietario de laboratorios Cerba é Marcelo Weisz, da familia propietaria dos laboratorios Unilabs. Actualmente dirixe Unilabs Rusia. A empresa Unilabs, como apunta [Nueva Tribuna](#), pertence a multinacional CVC-Capio que está imputada polo proceso de privatización da sanidade pública madrileña. No seu consello de administración estaba o conselleiro Güemes (obrigado a dimitir por conflito de intereses), quen tamén privatizou o laboratorio central de Madrid por un prezo temerario, e un ano despois decretou o peche de tres laboratorios públicos para derivar as probas ao laboratorio privatizado.

O 4 de abril de 2014 Bankia vendeulle a súa parte ao grupo estadounidense 'Centene Corporation' empresa privada intermediaria para o aseguramento e a provisión de servizos sanitarios, centrada na xestión dos pacientes estadounidenses de Medicare e agora vinculada

Quen está detrás da privatización do hospital vigués?

Escrito por Galicia Confidencial
Xoves, 01 Maio 2014 12:22

a Unilabs, e xa que logo á sanidade pública galega.

A privatización de servizos básicos

Por outra banda, e segundo apunta a Asociación Galega para a Defensa da Sanidad Pública a decisión da Xunta de prescindir do laboratorio no NHV, para situalo no hospital Meixoeiro. E isto non parece responder a necesidades funcionais, senón a unha decisión premeditada. No hospital Meixoeiro atópanse todos os servizos do CHUVI de xestión privada: - A ciruxía cardíaca, a cardioloxía intervencionista, a radioterapia, a Medicina Nuclear e a Resonancia Magnética, xestionados por Galaria SA, cuxa directora provén da consultora estadounidense Arthur Andersen (Deloitte).

- Os servizos de Radiofísica e control de calidade de radiodiagnóstico, coxestionados pola multinacional estadounidense General Electric.
- O Biobanco de tumores, de cerebro e de ADN de Vigo, xestionados mediante colaboración público-privada (CPP)
- O instituto de investigación biomédica de Vigo, coxestionado pola compañía Farmacéutica estadounidense Janssen (Johnson and Johnson).

Privatización de Hematoloxía e Oncoloxía?

Ademais, tamén está pendente a posible privatización de Hematoloxía e Oncoloxía, se os profesionais aceptan reconverterse en unidades de Xestión Clínica con Autonomía de Xestión que o "obxectivo prioritario do Ministerio de Ana Mato, da Consellería de Sanidade e da Sociedade Española de Directivos sanitarios "SEDISA" asociación de 900 directivos da sanidade pública e privada, patrocinados pola industria sanitaria privada e constituídos como grupo de presión para implantar a colaboración público-privada, co fin de incrementar a autoridade dos xestores sobre os profesionais sanitarios e eliminar a rixidez na contratación dos empregados públicos e na compra de produtos sanitarios", segundo Nueva Tribuna. O NHV estaba proxectado como un gran hospital público, cos servizos e a tecnoloxía suficientes para atender a toda a poboación de Vigo e a súa área de influencia e converterse en Centro de Referencia de toda a poboación do Sur de Galicia. Co pretesto da crise, a Xunta quere privatizar servizos tan relevantes como a ciruxía cardíaca, a cardioloxía intervencionista, os laboratorios, a alta tecnoloxía, a investigación (I D i) e probablemente a oncoloxía.

Información recollida polo medio colaborador

[Galicia Confidencial](#)